

RANILDA

NARRADOR- Nunha tranquila poza do río Ghafos, a beira do Muíño de Cabanas, vivía Ranilda, unha ra que sempre estaba triste porque non lle gustaba o seu aspecto. Unha tarde abandonou a súa pedra e foi ver o Sapoconcho para pedirlle consello.

RANILDA- Sapoconcho, son tan fea que non soporto mirarme na auga.

SAPOCONCHO- Se cadra es un príncipe encantado!!

NARRADOR- Ranilda escoitábao coa boca aberta. O Sapoconcho, aguantando a risa, continuou:

SAPOCONCHO- Pois daquela ...So recuperarás a túa forma humana se consegues que unha muller te bique.

NARRADOR- Ranilda botou a andar ou, mellor, a saltar cara á aldea. Polo camiño atopou unha vella cargada cun feixe de leña.

RANILDA- Señora, se me dese un bico no papo, converteríame nun home guapo! A cambio, carrexaríalle a leña á casa.

VELLA- Non soñes, bicho arrepiante!

Antes estaría dándome azoutas ata a posta de sol!

RANILDA- Ai, si? Pois que se cumpra o que dis! - exclamou a ra.

NARRADOR- A vella sacou do feixe a vara máis longa e comezou a golpearse. Ranilda non entendía nada; pero, temendo que lle dese unha vareada, fuxiu dando saltos.

Ao pouco, Ranilda cruzouse cunha muller que collía amoras nunha silveira.

RANILDA- Señora, se me dese un bico no papo, converteríame nun home guapo! A cambio, alcanzarialle as amoras máis tenras.

MULLER- Non soñes, bicho repugnante!

Antes poría o cesto de sombreiro ata o solpor!

RANILDA- Ai, si? Pois que se cumpra o que dis!

NARRADOR- A muller levantou o cesto cheo de amoras e encaixouno na cabeza. A pobre ra non entendía nada; pero, temendo mancharse coas amoras tamén ela, fuxiu dando saltos. Ranilda tropezou cunha moza que coidaba un rabaño de ovellas (outros animais)

RANILDA- Pastora, se me das un bico no papo, converteríame nun home guapo! A cambio, protexería o teu rabaño do lobo.

PASTORA- Non soñes bicho noxento!

Antes cantaría toda a tarde montada nunha ovella!

RANILDA- Ai, si?

Pois que se cumpra o que dis!

NARRADOR- A moza montou na ovella máis repoluda e empezou a berrar (cantar algo simpático). Ranilda non entendía nada, a ovella tampouco; pero, temendo que a pastora quixese cantar a dúo con ela, fuxiu dando saltos.

Cerca xa da aldea, a ra viu una nena que lía un conto á sombra dunha árbore.

RANILDA- Pequena, se me deses un bico no papo, converteríame nun home guapo!

A cambio, leríache ese conto

NENA- Claro que quero!

NARRADOR- E, pódose de xeonllos xunto a Ranilda, a nena deulle un bico na fronte.

NENA- MUAAC!

Non pasou nada... pero Ranilda púxose toda colorada!

Entón á nena ocorréuselle unha idea:

NENA - Oes, ra, xa que non me les o conto, queredes bicarme ti a min?

NARRADOR- Ranilda morría de vergoña, pero a nena colleuna entre as mans con moita delicadeza e...

RANILDA- MUAAC!

De pronto, envolveunas un remuíño que, por pouco, as fai desaparecer. Cando o vento deixou de soprar, Ranilda non podía crer o que vía: ao pé da árbore estaba o conto aberto de par en par e, asomando entre as follas...

RANILDA- OUTRA RA!

- Vaia! Agora es tan fea coma min!

RANUSKA - Pois eu alégrome de volver ser Ranuska!

Queda moi lonxe a túa poza? Morro coa sede!

NARRADOR- Ranilda ofreceuse a acompañala,

Segura de que, en cando se mirase na auga, Ranuska sentiríase tan triste coma ela. Polo

camiño atoparon unha pastora esgorxándose ao lombo dunha ovella, unha muller cun cesto pegañento na cabeza e unha vella que se azoutaba cunha vara.

RANUSKA -Os humanos están tolos de remate!

NARRADOR- Exclamou Ranuska.

RANILDA- Están, están...!

NARRADOR- Cando o sol se ocultaba polo horizonte,

As dúas ras chegaron á poza. Despois de beber e batuxar (golpear a auga) un bo anaco,

Ranuska deitouse a descansar na pedra de Ranilda. Esta recordoulle:

RANILDA-Para volver a ser un príncipe, Debo atopar unha muller que queira bicarme.

Vés comigo?

RANUSKA -Agora? Estou tan cansada –protestou Ranuska-

Que pasaría toda a vida nesta poza!

RANILDA -Ai, si? Pois que se cumpra o que dis!

NARRADOR- De novo, Ranilda achegouse ao sapoconcho,

que o contemplaba todo desde a beira.

SAPOCONCHO--Atopaches o que buscabas?

RANILDA- Non! A única rapaza que quixo bicarme

Acabou convertida en ra!

A ela non lle importa porque naceu así, pero eu...

SAPOCONCHO Ti tamén!

NARRADOR - Interrompeuna o sapoconcho-.

SAPOCONCHO - Coñézote desde que eras pequerrecha.

Só quería gastarche unha broma!

NARRADOR - A ra ía botarse a chorar,

Cando Ranuska a chamou:

RANUSKA -Ranilda! Vente ver á luz da lúa!

NARRADOR- A Ranilda dáballa medo mirarse na auga, pero o sapoconcho animouna.

SAPOCONCHO -Veña! A que esperas? As noites de lúa chea son máxicas...

NARRADOR- Ranilda decidiuse por fin.

RANILDA--Déixasme sentar na miña... na pedra, Ranuska?

RANUSKA -Pois claro!

NARRADOR- As dúas ras, iluminadas pola lúa, miráronse na auga, e a súa imaxe resultou ser a máis fermosa que se poida imaxinar: a da amizade.

RANUSKA -Que guapa estás, Ranilda!

RANILDA--Ti, tamén...!

RANUSKA - Ranuska non quixo marchar da poza nunca máis.

NARRADOR- A súa compañía fixo tan feliz a Ranilda, que esta non tardou en aceptarse tal como era. Unha tarde, a finais de decembro, o sapoconcho pediulles ás ras que lle desen un bico.

SAPOCONCHO -É para recuperar o meu verdadeiro aspecto!

NARRADOR- Explicoulles aguantando a risa.

Ranilda e Ranuska saltaron ao seu lado e ...

RANILDAE RANUSKA- MUAAC!

NARRADOR- Non pasou nada... pero o sapoconcho cantaruxou:

SAPOCONCHO- Inocentes, inocentes!

NARRADOR- E, a pesar da dureza da súa coiraza,
escachou coa risa.